



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao novo incremento da débeda pública galega.

Exposición de Motivos

Os datos da débeda pública galega publicados hoxe non deixan de empeorar baixo o goberno da crise, os recortes, o despilfarro e as privatizacións Núñez Feijóo. A publicación dos datos do Banco de España pon en evidencia as afirmacións do presidente da Xunta cando afirmara, cos datos do primeiro trimestre, que a subida era conxuntural e que remataríamos o ano cunha débeda menor que o ano anterior.

Galicia ten xa unha débeda pública que importa 9.961 millóns de euros, 749 millóns máis que ao remate do 2013.

A porcentaxe do PIB acada o 18%. Lembrar que o ano 2008, o anterior a asunción do poder político por Núñez Feijóo, a débeda pechaba no 6,7%. Triplicou esa porcentaxe o presidente que máis recortes sociais impuxo, que máis deprimiu o investimento e que máis nos endebedou. Resulta difícil explicarse en que gastou o goberno galego semellante cantidade, cal foi o destino desa débeda.

Polo sinalado, o grupo parlamentar da achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta á realización dunha auditoría independente sobre o ciclo de endebedamento público que vai do 2009 ao 2014.

En Compostela, a 13 de marzo do 2015.



Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/03/2015 12:56:02